

VOL. 2, n.º 3, 2007\_ Revista da Escola Galega de Administración Pública.

# administración & cidadanía.

## Monográfico: A administración na era dixital

### Sumario\_

**\_01\_ MICHAEL BLAKEMORE** (Universidade de Durham), «A estratexia sobre administración electrónica en Europa: a bricolaxe como resposta aos cambios sociais».  
**\_02\_ MARTA CANTIJOCH e JOSEP SAN MARTÍN** (Universidade Autónoma de Barcelona), «A oferta participativa das webs parlamentarias».  
**\_03\_ RICARDO CHUECA RODRÍGUEZ**, (Universidade da Rioxa), «O proceso político e as novas tecnoloxías».  
**\_04\_ JOSÉ JULIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ** (Universidade de Santiago de Compostela), «Acceso dos cidadáns ás administracións públicas e fenda dixital».  
**\_05\_ XAVIER FERNÁNDEZ I MARÍN** (Universidade Pompeu Fabra), «Modelos de administración pública. Serven os servizos públicos electrónicos á Administración ou aos cidadáns?».  
**\_06\_ JUAN IGNACIO CRIADO** (Universidade Autónoma de Madrid), «A europeización dos sistemas administrativos e as políticas públicas. Unha aproximación aos mecanismos institucionais na e-administración».  
**\_07\_ CHRISTINE LEITNER** (Universidade do Danubio Krems), «E-participación».  
**\_08\_ XOSÉ M.ª MAHOU LAGO e ENRIQUE VARELA ÁLVAREZ** (Universidade de Vigo), «A e-administración en Galicia: entre a continuidade e o cambio».  
**\_09\_ ADELA MESA DEL OLMO** (Universidade do País Vasco), «Reflexións en torno á administración electrónica en España e á aplicación da Lei de acceso electrónico».  
**\_10\_ MIQUEL SALVADOR SERNA** (Universidade Pompeu Fabra), «A dimensión interna do goberno electrónico e o impacto de e-administración na xestión de recursos humanos: están cambiando as regras do xogo?».  
**\_11\_ DAVID SANCHO ROYO** (Universidade Pompeu Fabra), «Estratexias de avaliación de iniciativas de administración electrónica».  
**RECENSIÓNS\_01\_ ENRIQUE CEBRIÁN ZAZURCA** (Universidad de Zaragoza): Cotino Hueso, L. (coord.), 2007, *Democracia, Participación y Voto a través de las Nuevas Tecnologías*, Albolote (Granada): Ed. Comares.

VOL.2\_nº3\_2007\_ Revista da Escola Galega de Administración Pública.



administración &  
ciudadanía.

## Consello Editorial

### **\_PRESIDENTE**

CARLOS SUÁREZ-MIRA RODRÍGUEZ.  
Director da Escola Galega de  
Administración Pública.

### **\_DIRECTOR**

RAMÓN BOUZAS LORENZO.  
Profesor titular de Ciencias Políticas e  
da Administración [Universidade de  
Santiago de Compostela].

## Comité Científico

### **\_Área de Ciencias Políticas**

FERNANDO JIMÉNEZ SÁNCHEZ.  
Profesor titular de Ciencias Políticas  
e da Administración [Universidade de Murcia].

### **\_Área de Ciencias da Administración**

SALVADOR PARRADO DÍEZ.  
Profesor titular de Ciencia Política e da  
Administración (UNED).

### **\_Área de Dereito Administrativo**

JULI PONCE SOLÉ.  
Profesor titular de Dereito Administrativo  
(Universidade de Barcelona).

### **\_Área de Dereito Constitucional**

EVA SÁENZ ROYO.  
Profesora axudante de Dereito Constitucional  
[Universidade de Zaragoza].

### **\_Área de Economía**

SANTIAGO LAGO PEÑAS.  
Profesor titular de Economía Aplicada  
[Universidade de Vigo].

### **\_Área de Socioloxía**

FABRIZIO BERNARDI.  
Profesor titular de Socioloxía [UNED].

*\_ Administración & Cidadanía* publicase cunha periodicidade semestral. Ademais dos dous números anuais, *Administración & Cidadanía* ofrece un número anual de contido monográfico.

*\_ Administración & Cidadanía* está dispoñible en formato impreso e electrónico, en lingua galega e castelá.

\_ Para maior información sobre a publicación visite o portal web da EGAP en: <http://www.egap.xunta.es>

### **EDITA:**

**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)**  
Rúa de Madrid 2-4, Polígono das Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela

### **TRADUCCIÓN E REVISIÓN LINGÜÍSTICA:**

Interlingua Traduccions, S.L.

### **DESEÑO E MAQUETACIÓN:**

Krissola Deseño, S.L.

### **IMPRIME:**

Gráficas Salnés, S.L.

### **ISSN:**

1887-0287

### **DEPÓSITO LEGAL:**

A revista *Administración & Cidadanía* non se responsabiliza das opinións vertidas nos contidos desta publicación. Estas opinións son responsabilidade exclusiva do seu autor ou os seus autores.

# Sumario



<b>_ ARTIGOS</b>	<b>[7-208]</b>
_ Michael Blakemore. (Universidade de Durham), « <b>A estratexia sobre administración electrónica en Europa: a bricolaxe como resposta aos cambios sociais</b> ».	[9-25]
_ Marta Cantijoch e Josep San Martín. (Universidade Autónoma de Barcelona), « <b>A oferta participativa das webs parlamentarias</b> ».	[27-48]
_ Ricardo Chueca Rodríguez. (Universidade da Rioxa), « <b>O proceso político e as novas tecnoloxías</b> »	[49-61]
_ José Julio Fernández Rodríguez. (Universidade de Santiago de Compostela), « <b>Acceso dos cidadáns ás administracións públicas e fenda dixital</b> ».	[63-80]
_ Xavier Fernández i Marín. (Universidade Pompeu Fabra), « <b>Modelos de administración pública. Serven os servizos públicos electrónicos á Administración ou aos cidadáns?</b> ».	[81-94]
_ Juan Ignacio Criado. (Universidade Autónoma de Madrid), « <b>A europeización dos sistemas administrativos e as políticas públicas. Unha aproximación aos mecanismos institucionais na e-administración</b> ».	[95-113]
_ Christine Leitner. (Universidade do Danubio Krems), « <b>E-participación</b> ».	[115-137]

\_ Xosé M.<sup>a</sup> Mahou Lago e Enrique Varela Álvarez. (Universidade de Vigo), «**A e-administración en Galicia: entre a continuidade e o cambio**».

[139-162]

\_ Adela Mesa del Olmo. (Universidade do País Vasco). «**Reflexións en torno á administración electrónica en España e á aplicación da Lei de acceso electrónico**».

[163-184]

\_ Miquel Salvador Serna. (Universidade Pompeu Fabra). «**A dimensión interna do goberno electrónico e o impacto de e-administración na xestión de recursos humanos: están cambiando as regras do xogo?**».

[185-198]

\_ David Sancho Royo. (Universidade Pompeu Fabra), «**Estratexias de avaliación de iniciativas de administración electrónica**».

[199-208]

\_ **RECENSIÓNS** **[209-216]**

\_ Enrique Cebrián Zazurca. (Universidad de Zaragoza): Cotino Hueso, L. (coord.) 2007. *Democracia, Participación y Voto a través de las Nuevas Tecnologías*. Albolote (Granada): Ed. Comares.

[211-216]

\_ **SUMMARY** **[217-219]**

\_ **NORMAS DE PUBLICACIÓN** **[221-222]**

\_ **BOLETÍNS DE SUBSCRICIÓN** **[223-224]**

\_ **RELACIÓN DE CONTIDOS** **[227-230]**

\_ **RELACIÓN DE AUTORES** **[231-233]**



# Artigos



# A estratexia sobre administración electrónica en Europa: a bricolaxe como resposta aos cambios sociais



**&** *Resumo/Abstract: A Comisión Europea continúa exercendo unha influencia estratéxica mediante a vinculación das estratexias nacionais e subnacionais relativas á administración electrónica. A «marca» de administración electrónica da Unión Europea (UE) desenvólvese mediante un proceso de mediación entre os complexos panoramas de estratexias nacionais e subnacionais, cada vez máis diversas debido á ampliación da UE. Na actualidade, o desafío consiste en conseguir que a administración electrónica sexa unha marca que inspire confianza.&*

**&** *Palabras clave: administración electrónica, Unión Europea, cambio social, cidadanía*





## 1. INTRODUCCIÓN: MENSAXES CLAVE

A Comisión Europea continúa exercendo unha influencia estratéxica mediante a vinculación das estratexias nacionais e subnacionais relativas á administración electrónica. Isto lévase a cabo mediante os seguintes procesos clave:

- A promoción dos cambios innovadores para xestionar o complexo equilibrio entre a economía e os recursos, o cambio organizativo e a satisfacción das necesidades e as expectativas dos cidadáns.
- O apoio do cidadán como consumidor de servizos gobernamentais.
- A maximización do fluxo, o uso e as boas prácticas en toda Europa.
- A consideración da administración electrónica como unha marca de servizos na que se pode confiar.

Una boa administración electrónica permitirá a transformación organizativa e os programas centrados no cidadán mediante:

- A promoción da «diversidade» nunha UE en expansión, xunto coa síntese dos principais ensinamentos de todos os niveis de goberno.
- A actuación ante o «fracaso» do mesmo xeito en que o fan as empresas, é dicir, como unha experiencia da que hai que aprender e non como un desastre que hai que ocultar custe o que custe.
- A análise do complexo panorama da gobernanza na UE mediante a identificación de tendencias e o establecemento de programas de desenvolvemento importantes para os cidadáns e as empresas.
- A identificación dos procesos importantes do consumo de gobernanza e non a súa produción tecnolóxica, con especial atención á cidadanía, a dignidade, a inclusión, os dereitos e as responsabilidades.
- O apoio do desenvolvemento de medidas relativas á administración electrónica relevantes para o cidadán, a niveis espaciais que van desde o espazo administrativo ao espazo funcional.

## 2. DA PRODUCCIÓN AO CONSUMO: CAMBIO DA OPINIÓN SOBRE A MARCA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

A «marca» de administración electrónica da Unión Europea (EU) desenvólvese mediante un proceso de mediación entre os complexos panoramas de estratexias nacionais e subnacionais, cada vez máis diversas debido á ampliación da UE. Nos primeiros anos desta década as mensaxes clave do plan e-Europa<sup>1</sup> centrábanse en superar os problemas convencionais do Goberno empregando TIC, en ampliar o acceso ás TIC e en reducir as diferenzas en Europa. Incidíase en acelerar os servizos gobernamentais, tanto en eficacia como en resposta, e en maximizar a mobilidade dos cidadáns e as empresas mediante proxectos paneuropeos de administración electrónica.<sup>2</sup>

Desde os enfoques iniciais de automatización de servizos, os programas sobre administración electrónica desenvólvense e agora inciden na inclusión («ningún cidadán debe quedar atrás»<sup>3</sup>), a eficacia (por exemplo mediante a calidade do servizo), as estratexias organizativas (como a «transformación» das organizacións gobernamentais<sup>4</sup>) e no traballo conxunto cos sectores privado e terciario para que os puntos fortes de cada un se empreguen estratéxicamente para proporcionarlles «valor público» aos cidadáns. A «transformación» non é un con-

cepto novo, xa que constituíu o núcleo da introdución dos sistemas de información no goberno na década de 1980 e resultou fundamental para a reforma organizativa da década de 1990,<sup>5</sup> na que aplicaron enfoques empresariais á prestación de servizos. No entanto, reforza os desafíos porque no seu nivel máis avanzado, a administración electrónica podería reorganizar, combinar ou eliminar os organismos existentes e substituílos por organizacións virtuais.<sup>6</sup>

Polo tanto, a marca xeral de administración electrónica madurou, desde unha etapa temperá de atención á «producción» dunha administración electrónica ata unha en que se lles confire grande importancia e valor aos cidadáns: o «consumo» de administración electrónica. Avanzouse desde o goberno electrónico á administración electrónica, aos servizos electrónicos e, recentemente, á gobernanza electrónica e ao consumo por parte dos cidadáns/consumidores e á experiencia de servizos. Na UE, os modelos de uniformidade dos primeiros anos deron paso a un programa máis amplo con miras a «construír» uns servizos paneuropeos.<sup>7</sup> Isto supón decatarse da importancia da interoperabilidade<sup>8</sup> e de que o programa sobre consumo non debe buscar o «empuxe» dos servizos automatizados cara aos cidadáns pasivos, senón os complexos comportamentos dos cidadáns e o desafío dos modelos de TIC de crear verdadeiras interaccións convencionais entre os cidadáns e os oficiais públicos expertos na materia.<sup>9</sup>

Do mesmo xeito que un servizo comercial, a administración electrónica é unha marca en desenvolvemento dinámico.<sup>10</sup> As marcas non se impoñen, senón que se desenvolven e se concursan, empregando para iso os comentarios dos clientes (xestión da relación co cliente) e aprendendo dos aspectos negativos do consumo, xa sexa mediante problemas cunha canle de expresión, xa sexa mediante as opinións expresadas polos consumidores.<sup>11</sup> Nas redes de comunicación interconectadas de internet a reputación e a confianza son fráxiles.<sup>12</sup> Cada vez é máis frecuente que os cidadáns expresen as súas opinións mediante unha canle distinta aos oficiais gobernamentais, por exemplo a través do envío de correos electrónicos aos políticos e lendo posteriormente as súas respostas.<sup>13</sup> Por iso, o desafío ao que nos enfrontamos agora é como facer que a administración electrónica sexa unha marca na que se confíe, xa que as experiencias previas co comercio electrónico nos mostra que é necesario un longo período de tempo para crear confianza nunha marca.

### **3. UE25: DIFERENTES CAMIÑOS, OBXECTIVOS CONVERXENTES**

O enfoque da UE sobre a administración electrónica centrada no cidadán sitúase nun desenvolvemento complexo no espazo europeo e co paso do tempo establécense distintos puntos de comezo e distintas velocidades de progreso.

#### **3.1. Dinámica, incerteza, cultura e poder**

En primeiro lugar, como se mencionou na sección anterior, atopámonos cos cambios no programa sobre administración electrónica.

En segundo lugar, encontrámonos con que a ampliación da UE introduce turbulencias na estratexia vixente sobre administración electrónica, xa que hai que incluír a estados membros cuxas economías non son tan fortes coma as doutros estados da UE<sup>14</sup>, a estados cuxa tradición política lles permitiu emprender un enfoque de «páxina en branco» e construír novas estruturas de gobernanza democrática.

En terceiro lugar, atopámonos cunha combinación de resultados lineais e non lineais. Mentres que países coma Dinamarca continúan mellorando a súa estratexia, outros coma

Estoniana dan pasos de xigante e adiantan a outros estados mediante a súa rapidez á hora de poñer en práctica a estratexia. Estonia foi eloxiada no 2000 pola súa estratexia sobre administración electrónica, na que os políticos votaron en liña e empregaron retransmisións vía internet.<sup>15</sup> A Unidade de Intelixencia Financeira (UIF), no estudo realizado no 2004 sobre a administración electrónica en Europa Central,<sup>16</sup> situou a Estonia, Eslovenia e a República Checa por diante doutros países líderes nesta materia, como o Reino Unido e os Países Baixos, en canto á dispoñibilidade de servizos en liña. No 2006, o 80 % dos contribuíntes de Estonia realizaron a súa declaración en liña.<sup>17</sup> O ministro de exteriores de Estonia tamén recoñeceu no 2004 que «Estoniana é un país pequeno... E nun país pequeno pódense facer as cousas rápido se existe a vontade política adecuada»,<sup>18</sup> polo que o tamaño do país tamén resulta importante.

No entanto, no 2006 a UIF<sup>19</sup> elaborou unha lista actualizada que demostrou que cómpre traballar aínda máis para que Estonia (no posto 27 dos 68 estados examinados) se sitúe ao nivel de Dinamarca (no primeiro posto cunha puntuación de 9,0). A lista da UE sobre o Servizo Público do 2006 sinala que «Estonia avanzou do posto 8 ao 3, polo que conseguiu situarse entre os tres primeiros»<sup>20</sup>. A estratexia de «páxina en branco» empregada por Estonia amosa unha estratexia «emerxente», o que implica que a estratexia non se deseña, planifica e pon en práctica exactamente como se proxectara, senón que se vai modificando a medida que vai avanzando, e os plans maduran e cambian de acordo cos desafíos que van aparecendo. Por esta razón o ministro de Economía e Comunicación deseñou recentemente un plan sobre como incorporar o sistema de información do sector público nun conxunto lóxico.<sup>21</sup>

En cuarto lugar encontrámonos coa incerteza, provocada polos resultados inesperados ou imprevistos producidos por acontecementos mundiais (o SRAS, o cambio climático ou o terrorismo), por cambios demográficos ou por acontecementos locais como un brusco cambio político. Por exemplo, o debate actual sobre paradigmas como o modelo sueco de gobernanza social e económica, no que a actividade económica ten dificultades á hora de manter a unha poboación en continuo envellecemento, mostra que os modelos están suxeitos a cambios imprevistos. Con todo, os modelos escandinavos de gobernanza continúan demostrando boas prácticas e seguen mellorando o alto nivel de compromiso do Goberno cos cidadáns, sempre cun enfoque centrado no cidadán como demostran, por exemplo, as concellos electrónicos en Noruega.<sup>22</sup>

En quinto lugar, existen grandes diferenzas culturais entre as administracións públicas estatais da UE, o que supón que o programa de transformación se poñerá en práctica de xeito desigual en todas elas. Como consecuencia, un modelo como a «nova xestión pública» será interpretado e implantado de maneiras diferentes. En Francia, por exemplo, os fundamentos ideolóxicos da nova xestión pública non atopan un terreo receptivo<sup>23</sup> e Cole avisa dos factores específicos que determinarán o grao da reforma, como a ideoloxía e o código do servizo público ou a organización en panal do estado francés.

*The Economist* sinalou problemas semellantes na reforma económica de Francia, xa que indicou que a menos que conseguise introducir tales reformas, a súa economía tería moitas dificultades para se recuperar e todo crecemento que tivese lugar iría acompañado da ausencia en gran medida de postos de traballo.<sup>24</sup> Os diversos enfoques dos estados, rexións e partes interesadas perfilan en máis profundidade o variado panorama da administración electrónica. O estado alemán de Renania do Norte-Westfalia está poñendo en práctica o seu Plan de Acción

2009, que supón unha maior cooperación con actividades federais, a promoción dunha nova infraestrutura de TIC e procedementos de participación e autorización electrónicas.<sup>25</sup>

Do mesmo modo que coas limitacións da Administración sinaladas anteriormente, os intereses sectoriais poderían fomentar particulares énfases de poder dentro do programa relativo á administración electrónica. Por exemplo, a Sociedade de Xestión de Tecnoloxía da Información (SOCITM) do Reino Unido está apoiando que sexan os oficiais de información xefes os que dirixan os programas de transformación, xa que contan cunha combinación de habilidades empresariais, organizativas e de xestión do cambio. A industria de TIC promove amplos proxectos informáticos centralizados como fundamento dunha vasta transformación. Un exemplo frutífero deste enfoque é o proxecto do Sistema de Contabilidade e Orzamentación Federal de Austria, que foi parte dun esforzo maior para implantar tecnoloxías de ERP no goberno federal austríaco como parte dun esforzo de reforma da xestión pública en todo o Goberno.<sup>27</sup>

### 3.2. «Fracaso», asociacións, redes e complexidade

Os rivais políticos e os medios de comunicación técnicos adoitan incidir no que eles perciben como fracasos das reformas ou de proxectos de TIC. É necesario reflexionar de xeito máis razoado sobre os proxectos de TIC que non cumpren as expectativas iniciais. Por exemplo, os centros de atención telefónica do Departamento de Traballo e Pensións de Reino Unido só responderon ao 84 % das chamadas no 2005-2006. Non obstante, o principal problema non é a tecnoloxía ou o persoal, senón a desconcertante cantidade de 55 números de teléfono que están á disposición do cidadán e que é imposible usar porque a tecnoloxía do departamento non permite que as chamadas se transfiran ao servizo adecuado.<sup>28</sup> Aínda que tal e como se pode ver, o deseño da solución de TIC pode estragar as intencións do servizo, tamén poden ocorrer problemas de falta de investimento en aspectos relacionados cos recursos humanos do cambio organizativo, como son a formación e a innovación.<sup>29</sup> Igualmente, de xeito máis directo tamén resulta problemática a falta de consecuencias do fracaso, xa que os funcionarios de nivel máis alto senten que non lle teñen que render contas a ninguén se o resultado é deficiente e que o escrutinio parlamentario que se realiza sobre eles é ineficaz.<sup>30</sup>

Puxéronse en práctica enfoques que lles volven conceder importancia ás asociacións, por exemplo aquelas entre os sectores público e privado ou coa participación dun terceiro sector, como poden ser as ONG e as organizacións de voluntarios. A gobernanza das asociacións está formada por tres subdiscursos que compiten entre eles: a xestión e a cuantificación da participación, os aspectos «consociativos» de traballar xuntos e de exercer influencia e o grao en que participan todas as partes.<sup>31</sup> Isto adoita supoñer unha gobernanza mediante o que Pattberg denomina «relacións a distancia», que requiren un axuste do comportamento para conseguir obxectivos comúns pero tamén regras, principios e funcións comúns.<sup>32</sup> Ata a data, a énfase en tales proxectos recaeu con frecuencia na xestión mediante auditorías e a xestión da execución, e ás veces as asociacións entre o sector público e o privado poden resultar confusas, xa que se suscitan preguntas como cal é a prioridade: xestionar o fluxo de fondos públicos ou proporcionar uns servizos de mellor calidade? e sobre quen recae a responsabilidade: sobre o sector público, o sector privado ou os terceiros socios?<sup>33</sup> O proxecto *Breaking Barriers to eGovernment* (eliminando barreiras cara á administración electrónica) afonda nas limitacións da prestación de servizos na administración electrónica.<sup>34</sup>

As estratexias a nivel da comunidade e as asociacións locais poden implicar colaborar con organizacións que favorecen a sectores excluídos para enriquecer as relacións entre o sistema

representativo e o participativo e fomentar así os procesos políticos locais,<sup>35</sup> o que resulta na vinculación dos procesos de produción e de consumo e na evolución, máis aló das actividades democráticas participativas, cara ás asociacións na creación e a prestación de servizos. No entanto, existe o risco de que o programa central choque con estas actividades se se incide máis nas necesidades e problemas locais, o que requiriría un grande esforzo para acercar estas cuestións antes de poder mirar máis aló do ámbito local.<sup>36</sup> En Irlanda, a creación de comités de políticas estratéxicas a nivel local tamén identificou problemas como o papel dos grupos marxinais, a igualdade de participación e a necesidade de que as persoas encargadas de tomar decisións rendan contas.<sup>37</sup> En resumo, o mundo de onte estaba formado por organizacións illadas e illas de información, mentres que o mundo do mañá estará formado por ecosistemas e redes colaborativas.<sup>38</sup>

O panorama das estratexias sobre administración electrónica en toda a UE segue presentando un complexo conxunto de enfoques, entre os que se inclúen a centralización, a descentralización, as asociacións e a privatización. A xestión e a propiedade da estratexia a medida que se vai poñendo en práctica lévase a cabo mediante un conxunto de xestión burocrática, ámbitos regulamentarios, contratos e asociacións e avaliación dos criterios de medición e da execución. As razóns para elixir un destes enfoques tamén son complexas e van desde a presión económica e a mellora do rendemento ao desprazamento da responsabilidade desde o Goberno a outro sector, por exemplo mediante a privatización.

Ao axudar aos estados membros a compartir as súas experiencias e a identificar unha base común e unha estratexia futura, resulta importante que a UE continúe analizando o complexo panorama da gobernanza na UE, identificando tendencias e establecendo programas de desenvolvemento importantes para os cidadáns e a economía. Tamén pode seguir identificando os procesos importantes desde o punto de vista estratéxico do consumo de gobernanza en lugar da produción de uniformidade tecnolóxica. Niso incluíranse a cidadanía, a dignidade e a importancia tecnolóxica (inclusión) e os dereitos e deberes (contido da información, ética e privacidade). Así mesmo, cómpre realizar unha avaliación reflexiva do programa de inclusión, por exemplo da importancia do acceso ás TIC por parte das persoas maiores, o cal é un obxectivo tanto político como de inclusión, xa que este sector da poboación se está a converter nun influínte grupo de presión electoral. Existe por iso un risco de distorsión, algo sobre o que *The Economist* expresou a súa preocupación no Reino Unido ao dicir que non se pode culpar completamente aos partidos políticos, sempre á caza de votos, por conferirenles máis importancia ás demandas dos maiores que ás dos mozos, pero que é unha medida con pouca visión de futuro, prexudicial para a democracia e equivocada en si mesma.<sup>39</sup> A inclusión ten a capacidade de crear novas exclusións.

#### **4. BOAS PRÁCTICAS OU AS MELLORES PRÁCTICAS?**

O intercambio de experiencias foi un exercicio fundamental para a UE, levado a cabo mediante iniciativas como o Marco de Boas Prácticas.<sup>40</sup> Foi unha iniciativa importante á hora de estimular o intercambio estruturado de experiencias en toda Europa, pero as metodoloxías mediante as cales se avalían as boas prácticas constituíron un difícil proceso de equilibrio entre a obxectividade e a cuantificación: son xenéricas a innovación e a excelencia ou son, pola contra, sensibles ao contexto e ao ámbito xeográfico? e onde e como poden transferirse as boas prácticas? Segue existindo unha gran lóxica xeográfica nunha actividade como esta a medida que a UE se amplía para incluír a novos membros (a lóxica temática para a acti-

vidade proporcionouse anteriormente no contexto do cambio das prioridades estratéxicas nacionais). Así e todo, a posta en práctica da comunicación das boas prácticas require un difícil equilibrio entre o intercambio de experiencias, o asesoramento, a prescrición e o xuízo.

### *O intercambio de experiencias: animando ás comunidades a practicalo*

Este é en gran medida o enfoque do Marco de Boas Prácticas, que equilibra un proceso de autopresentación cunha aplicación de busca de contexto e palabras clave. Este enfoque baséase na predisposición dos proxectos a presentar os seus detalles, pero non proporciona xuízos de valor sobre a calidade dos proxectos. De igual forma, a promoción das «historias de éxito»<sup>41</sup> favorece o intercambio de experiencias sen o medo ás avaliacións e aos xuízos. No entanto, segue existindo unha relación difícil entre o uso do termo «boa práctica» e a adxudicación dunha etiqueta de calidade formal a un proxecto que se considera unha «boa práctica».

### *O asesoramento: investigación*

Ademais das actividades nacionais, aquí inclúense o Observatorio sobre administración electrónica do Programa IDABC<sup>42</sup> da UE, a investigación sobre administración electrónica da OCDE<sup>43</sup> e, a nivel mundial, a División das Nacións Unidas de Administración Pública e de Xestión do Desenvolvemento.<sup>44</sup> As actividades céntranse en simposios, seminarios, investigación financiada, pasarelas e revisións a nivel nacional.

### *Prescrición estratéxica*

Lévase a cabo mediante iniciativas para recadar fondos como o financiamento no Marco da UE, que incluíu recentemente liñas de financiamento da administración electrónica, e-Ten, e-Inclusion, o Programa Marco de Competitividade e Innovación<sup>45</sup> e, agora, e-Participation.<sup>46</sup>

### *Os xuízos: premios*

Para iso é necesario fomentar, recompensar e ofrecer oportunidades de establecer redes sociais e profesionais entre proxectos en conferencias e cerimonia de entrega de premios. No 2001, 2003 e 2005 e no que respecta á administración electrónica na UE, isto refírese aos premios e-Europe Awards.<sup>47</sup> Os concursos teñen lugar regularmente a nivel nacional ou en función das boas prácticas; por exemplo, na República Checa avalíouse a innovación ou a orixinalidade, a contribución a mellorar o servizo ao público ou a reducir os custos administrativos, a contribución para os empregados de organismos administrativos locais e o uso de fondos da UE ou fontes inusuais de financiamento.<sup>48</sup> En Alemaña perseguíronse as mellores prácticas técnicas: no caso alemán, xunto coa información sobre os antecedentes sobre a ITIL e a xestión do servizo informático, o KBSt publicou en liña dous estudos: *Standards für IT-Prozesse* (normas para procesos informáticos) e *ITIL und Informationssicherheit* (a ITIL e a seguridade da información).<sup>49</sup>

### *Os xuízos: avaliacións comparativas, clasificacións e cuantificación das «mellores prácticas»*

Esta actividade baséase no indicado por Lotti: se non se pode medir, non se pode xestionar.<sup>50</sup> As clasificacións lévanse a cabo mediante a avaliación comparativa, é dicir, mediante a comparación de proxectos cun conxunto de regras predeterminadas, polo que o resultado lóxico é que aqueles situados no máis alto da clasificación demostren as «mellores prácticas». A OCDE está elaborando unha estratexia global para a creación da iniciativa Xestión no

Goberno: Datos Nacionais Comparativos,<sup>51</sup> e incide en que existe un consenso limitado sobre as relacións causais. Consecuentemente, existe un debate sobre as limitacións da avaliación comparativa: compáranse conceptos moi diferentes, pásanse por riba o contexto e os procesos e esquecese a transferencia e a aprendizaxe de políticas, o que podería evitarse se se empregase un proceso de aprendizaxe mediante o que se cree capacidade transformadora,<sup>52</sup> por exemplo no contexto das Tecnoloxías de Interoperabilidade de Contido.<sup>53</sup>

Os resultados das clasificacións adoitan ter efectos e influír máis aló da solidez da metodoloxía. Adoita existir unha ampla cobertura nos medios cando se publica a clasificación global anual da Universidade Brown,<sup>54</sup> a clasificación Accentures de programas de prestación de servizos de máis de 20 gobernos nacionais<sup>55</sup> ou a enquisa da UE sobre dispoñibilidade en liña dos servizos públicos.<sup>56</sup> As avaliacións comparativas e as clasificacións importaron máis no que á produción da administración electrónica se refire e, separadamente dos informes nos medios de comunicación, só tiveron efectos limitados na percepción dos cidadáns. Consecuentemente, existiu un distanciamento gradual destes criterios de medición e intentouse entender de xeito razoado que é o que os cidadáns, como clientes e consumidores, pensan realmente sobre a administración electrónica.

Os enfoques da clasificación e a avaliación comparativa foron desde o matemático ata o subxectivo. Wang et al. propoñen unha derivación matemática, xa que avaliaron o consumo de servizos por parte dos cidadáns mediante a medida da execución da procura de información en internet, o que implica a interacción de tres vectores de medidas: as características do cidadán, as características da tarefa de información e as características do sitio web do Goberno.<sup>57</sup> Esta precisión numérica non é frecuente e entre outros enfoques máis amplos atópase o proxecto e-User da UE, que se basea na localización do servizo en liña en cuestión, do uso eficaz dos servizos electrónicos e da xestión dunha calidade deficiente do contido e das limitacións da funcionalidade do servizo;<sup>58</sup> o informe sobre avaliación comparativa de cidadanía electrónica de Telecities para todos os europeos do 2005 aborda a gobernanza, a reestruturación de servizos, o emprego, a innovación, a educación e o coñecemento<sup>59</sup> (este enfoque recoñece que as experiencias do consumo de administración electrónica por parte dos cidadáns non se poden illar das súas experiencias e accións sociais máis amplas).

Continúa sendo importante a procura do desenvolvemento de medidas relativas á administración electrónica relevantes para o cidadán a niveis que vaian máis aló do espazo administrativo e cheguen a un espazo funcional, como a inclusión da avaliación comparativa, o valor público ou os procesos de democracia electrónica. Por exemplo, soamente deben compararse estados e rexións se existe unha homoxeneidade xustificable entre estas zonas. Existe moi pouca lóxica estatística en comparar Luxemburgo e Alemaña, posto que iso pon de manifesto principalmente a «falacia ecolóxica» e non diferenzas estatísticas reais.

## **5. BRICOLAXE: A ESTRATEXIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA É COMPLEXA, INCLUSO SE A MENSAXE É SIMPLE**

As mensaxes políticas da Estratexia i-2010 seguen promovendo os seguintes obxectivos sociais europeos: a redución da pobreza e da exclusión, o fomento da competitividade e a creación de postos de traballo, a consecución dunha taxa de participación o máis alta posible nos procesos democráticos, a garantía de que o Goberno proporciona os servizos que necesitan os cidadáns mediante as canles que eles desexan e non necesariamente a prestación dos servizos en si mesmos e, finalmente, a consecución dos obxectivos dun xeito rendi-



ble.<sup>60</sup> O financiamento do cambio e a innovación segue supoñendo un desafío nun contexto en que os orzamentos son cada vez máis reducidos, os beneficios sobre o investimento son a longo prazo e os custos das TIC son demasiado altos.<sup>61</sup> O panorama xeral emerxente da estratexia de administración electrónica podería resumirse nas palabras de Claudio Ciborra «control e deriva». Un plan estratéxico orixinal (unha declaración de control con obxectivos e puntos finais específicos) «deriva», porque os plans raramente se poñen en práctica de xeito idéntico a como se idearon, algo frecuente na economía. Esta conceptualización proporciona un espazo continuo útil entre os extremos políticos opostos de éxito e de fracaso. Ciborra valora a aprendizaxe gradual, o cambio de deseño, os descubrimentos casuais sistemáticos, os avances graduais e a aprendizaxe a partir da experiencia.

As clasificacións sobre administración electrónica da UE do 2006<sup>63</sup> son un exemplo claro da bricolaxe actual. Islandia recoñece a necesidade de levar a cabo unha reforma administrativa. Turquía posúe estratexias que se están elaborando e impoñendo de maneira centralizada. A Croacia fáltalle coordinación, dada a heteroxeneidade dos sistemas e dos programas informáticos empregados no goberno. Romanía incidiu na eficacia, a transparencia, a accesibilidade e a capacidade de resposta para cos cidadáns, á vez que se reduce a burocracia e a corrupción. Suecia ten o obxectivo de crear unha Administración pública con servizo de 24 horas que deberá ter como base unha cooperación estreita entre as diferentes autoridades e niveis gobernamentais. Polonia está a traballar no acceso a internet, a competencia en TIC, o desenvolvemento de contido e o acceso á educación. Dinamarca está contemplando unha modernización organizativa que podería non ocasionar un aforro lineal de custos, xa que se prevé un aumento destes no sector público debido á maior proporción de anciáns na poboación, á menor cantidade de persoas en idade de traballar e, por iso, á menor cantidade de persoas dispoñibles que poidan ser contratadas para desempeñar tarefas do sector público.

España continúa investindo en infraestruturas de TIC para a Sociedade da Información, prestándolle unha atención específica no 2007 á inclusión de anciáns e cidadáns discapacitados mediante o programa de Cidadanía Dixital.<sup>64</sup> Estonia posúe un plan que abordará o acceso, o coñecemento, o emprego, a produtividade e a reforma do sector público e que establece o obxectivo de que no 2013 a satisfacción dos cidadáns cos servizos electrónicos do sector público ascenderá ao 80 %.<sup>65</sup> As estratexias relativas á administración electrónica seguirán presentando novas características e reforzarán así a heteroxeneidade do panorama da gobernanza en Europa. É necesario que calquera «desviación» das estratexias garanta que o programa sobre «transformación» non regrese ao programa de re-enxeñería organizativa de «reinvenção do goberno», senón que fomente a elaboración dunha estratexia de TIC que marque a implantación do cambio organizativo.

Na Unión Europea seguirá habendo tensión no que respecta ao desenvolvemento continuo das estratexias nacionais relativas á administración electrónica e seguiráselles prestando atención aos servizos transnacionais de administración electrónica. Por iso, por unha banda, o cambio organizativo en cada estado membro contribuirá á estratexia interna e, por outra, o programa transnacional da UE favorecerá un cambio organizativo para satisfacer as necesidades europeas. Como resultado establécese un complexo «baile» de traballos sobre políticas nacionais con «protopolíticas», é dicir, un programa promovido mediante outras áreas de competencia, como o mercado interior, e mediante programas como e-Europe 2005, i-2010, IDABC e, en menor medida, programas de investigación e desenvolvemento como IST e e-TEN.<sup>66</sup> Así mesmo, toda énfase realizada sobre o «terceiro sector», mencionado anteriormen-

te, desafiará a política actual da UE de que tales organizacións non adoitan ser «entidades legais» que poidan recibir fondos da UE.

## **6. CONCLUSIÓN**

A transformación das organizacións para proporcionar un enfoque centrado nos cidadáns seguirá beneficiándose das estratexias flexibles a nivel europeo, especialmente aquelas que contribúan a entender a complexidade e a diversidade do panorama da administración electrónica, que favorezan o intercambio construtivo de boas e malas experiencias, que promovan a creación de medidas centradas no cidadán e de valor público e, por riba de todo, que estean centradas nos procesos estratexicamente importantes do consumo de gobernanza, en lugar de na súa produción tecnolóxica. No contexto de heteroxeneidade de cidadáns, organización e economías, debería a parte involucrada da estrutura da UE dialogar de xeito diferente para conseguir un maior efecto? Que poden aprender realmente os estados membros das estratexias e experiencias doutros estados cando o contexto é diferente? E, finalmente, preocúpalles de verdade aos cidadáns que sexa a administración electrónica ou outro sistema o que lles proporcione uns servizos importantes e sólidos?

## Notas

- <sup>1</sup> EUROPA. 2001a. *eEurope 2002: Impact and Priorities*. Bruxelas: Comisión Europea. 13 de marzo, Informe COM(2001)140 Final, páx. 19. [http://europa.eu.int/information\\_society/eeurope/news\\_library/pdf\\_files/communication\\_en.pdf](http://europa.eu.int/information_society/eeurope/news_library/pdf_files/communication_en.pdf)
- <sup>2</sup> EUROPA. 2001b. *Ministerial declaration: eGovernment - a priority for Europe*. 30 de novembro, Comisión Europea, [citado o 1 de decembro do 2001]. [http://europa.eu.int/information\\_society/eeurope/egovconf/documents/press2.doc](http://europa.eu.int/information_society/eeurope/egovconf/documents/press2.doc)
- <sup>3</sup> REDING, V. 2005. *eGovernment in i2010 - citizens first*. 24 de novembro. Comisión Europea, [citado o 3 de xuño do 2006]. <http://europa.eu.int/rapid/pressReleasesAction.do?reference=SPEECH/05/731&format=DOC&aged=1&language=EN&guiLanguage=en> ,)
- <sup>4</sup> EUROPA. 2005. *Ministerial Declaration: approved unanimously on 24 November 2005, Manchester, United Kingdom*. 24 de novembro. Comisión Europea, [citado o 25 de novembro do 2005]. <http://www.egov2005conference.gov.uk/documents/proceedings/pdf/051124declaration.pdf>
- <sup>5</sup> OSBORNE, D. e GAEBLER, T. 1992. *Reinventing Government : How the Entrepreneurial Spirit is Transforming the Public Sector*, Nova York, Addison Wesley.
- <sup>6</sup> BONHAM, G. M., SEIFERT, J. W. e THORSON, S. J. 2003. *The Transformational Potential of e-Government*. 3 de xaneiro. Maxwell School of Syracuse University, [citado o 25 de outubro do 2006]. <http://www.maxwell.syr.edu/maxpages/faculty/gmbonham/ecpr.htm>
- <sup>7</sup> <http://www.euregov.eu/index.html>
- <sup>8</sup> EUROPA. 2004. *Working Paper on eGovernment Beyond 2005 - An overview of policy issues*. Bruxelas: Comisión Europea. Setembro, páx. 22. [http://europa.eu.int/information\\_society/activities/egovernment\\_research/doc/working\\_paper\\_beyond\\_2005.pdf](http://europa.eu.int/information_society/activities/egovernment_research/doc/working_paper_beyond_2005.pdf)
- <sup>9</sup> RICHTER, P., CORNFORD, J. e MCLOUGHLIN, I. 2004. *The e-Citizen as talk, as text and as technology: CRM and e-Government*. Volume 2, número 3. Electronic Journal of e-Government, [citado o 20 de febreiro do 2005]. <http://www.ejeg.com/volume-2/volume2-issue3/v2-i3-art7.htm>
- <sup>10</sup> Efectivamente, en novembro do 2006 o Goberno de Reino Unido puxo fin á súa marca de administración electrónica para formar parte da marca de «transformación» <http://www.kablenet.com/kd.nsf/Frontpage/C72FDB2D55E1330B802572250042149F?OpenDocument>
- <sup>11</sup> TORRES, L., PINA, V. e ACERETE, B. 2006. *E-Governance Developments in European Union Cities: Reshaping Government's Relationship with Citizens*. *Governance*, 19, 277-302.
- <sup>12</sup> URRY, J. 2003. *Global Complexity*, Cambridge, Reino Unido, Polity Press.
- <sup>13</sup> HEARFROMYOURMP. 2006. *HearFromYourMP*. Marzo. HearFromYourMP.com, [citado o 13 de marzo de 2006]. <http://www.hearfromyourmp.com/>, KABLENET. 2005. *Hear from your MP online*. 22 de novembro. Kable Government Computing, [citado o 23 de novembro do 2005]. <http://www.kablenet.com/kd.nsf/Frontpage/A3A5023D618F2231802570C1003C417D?OpenDocument>, MYSOCIETY. 2005. *WriteToThem.com Beta Test*. Marzo. mySociety, [citado o 23 de marzo do 2005]. <http://www.writetothem.com/>
- <sup>14</sup> De aí o uso de fondos estruturais a nivel rexional tanto para reducir diferenzas como para, como sinalou a comisaria Danuta Hübner o 8 de novembro do 2006, recorrer á experiencia e ás mellores prácticas empregadas por rexións con bos resultados e transmitirles estes ensinamentos ás rexións que desexen mellorar. <http://europa.eu.int/rapid/pressReleasesAction.do?reference=IP/06/1526&format=HTML&aged=0&language=EN&guiLanguage=en> e
- <sup>15</sup> PERERA, N. 2000. *The Little Country That Could*. 11 de decembro. Industry Standard, [citado o 10 de abril do 2001]. <http://www.thestandard.com/article/display/0,1151,20451,00.html>
- <sup>16</sup> EIU. 2004. *E-government in Central Europe: Rethinking public administration*. Londres: Unidade de Intelixencia Financeira. Agosto, páx. 21. <http://www.eiu.com/>
- <sup>17</sup> IDABC. 2006g. *The majority of Estonians submit tax returns electronically*. 28 de agosto. Comisión Europea, [citado o 31 de agosto do 2006]. <http://ec.europa.eu/idabc/en/document/5770/194>
- <sup>18</sup> FULLER, T. 2004. *In Estoniana, e-banking, e-commerce, e-government*. 13 de setembro. International Herald Tribune, [citado o 20 de setembro do 2004]. <http://www.iht.com/articles/538408.html>
- <sup>19</sup> UIF. 2006. *The 2006 e-readiness rankings*. Londres: Unidade de Intelixencia Financeira, páx. 24. [http://graphics.eiu.com/files/ad\\_pdfs/2006Ereadiness\\_Ranking\\_WP.pdf](http://graphics.eiu.com/files/ad_pdfs/2006Ereadiness_Ranking_WP.pdf)
- <sup>20</sup> EUROPA. 2006b. *Online Availability of Public Services: How Is Europe Progressing? Web Based Survey on Electronic Public Services*. Report of the 6th Measurement. Bruxelas: Comisión Europea. Xuño, páx. i+88. [http://ec.europa.eu/information\\_society/eeurope/i2010/docs/benchmarking/online\\_availability\\_2006.pdf](http://ec.europa.eu/information_society/eeurope/i2010/docs/benchmarking/online_availability_2006.pdf)
- <sup>21</sup> BALTIC. 2005. *Estoniana's IT development slowing*. 14 de decembro. The Baltic Estafes, [citado o 16 de decembro do 2005]. [http://www.baltictimes.com/hot1.php?art\\_id=14215](http://www.baltictimes.com/hot1.php?art_id=14215)
- <sup>22</sup> NALRA. 2006. *eMunicipality 2009 – the digital leap*. Oslo: Norwegian Association of Local and Rexional Authorities (KS). 1 de febreiro, 39 páxs. <http://www.ks.non/upload/77518/eMunicipality%202009.zip>
- <sup>23</sup> COLE, A. e JONES, G. 2005. *Reshaping the State: Administrative Reform and New Public Management in France*. *Governance*, 18, 567-588.
- <sup>24</sup> ECONOMIST. 2006b. *Reforming the unreformable*. 26 de outubro. Economist, [citado o 31 de outubro do 2006]. [http://www.economist.com/surveys/displaystory.cfm?story\\_id=8048364](http://www.economist.com/surveys/displaystory.cfm?story_id=8048364)
- <sup>25</sup> IDABC. 2006a. *Action Plan 2009*. 30 de outubro. Comisión Europea, [citado o 2 de novembro do 2006]. <http://ec.europa.eu/idabc/en/document/6239/194>

- <sup>26</sup> IDABC. 2006b. *CIOs identified as key players in transformation of public services*. 30 de outubro. Comisión Europea, [citado o 2 de novembro do 2006]. <http://ec.europa.eu/idabc/en/document/6232/194>
- <sup>27</sup> SWAN, I. 2006. *Public Return on Investment (ROI)*. 13 de setembro. Comisión Europea, Impact of eGovernment Conference: Helsinki (13.09.06), [citado o 26 de outubro do 2006]. [http://www.egov-goodpractice.org/event\\_details.php?&eventid=125](http://www.egov-goodpractice.org/event_details.php?&eventid=125)
- <sup>28</sup> KABLENET. 2006. *DWP computers 'unreliable'*. 2 de novembro. Kable Government Computing, [citado o 3 de novembro do 2006]. <http://www.kablenet.com/kd.nsf/Frontpage/AD3F5B315A0494B28025721A003391FE?OpenDocument>
- <sup>29</sup> DAVIES, W. 2005. *Modernising with a Purpose: A Manifesto for a digital Britain*. Londres: Institute for Public Policy Research. Xullo, páx. vin+79.
- <sup>30</sup> IPPR. 2006. *'Non price for failure' in Whitehall*. 7 de agosto. Institute for Public Policy Research, [citado o 29 de agosto do 2006]. <http://www.ippr.org.uk/pressreleases/?ide=2257>
- <sup>31</sup> SKELCHER, C., MATHUR, N. e SMITH, M. 2005. The Public Governance of Collaborative Spaces: Discourse, Design and Democracy. *Public Administration*, 83, 573-596.
- <sup>32</sup> PATTERBERG, P. 2005. The Institutionalization of Private Governance: How Business and Nonprofit Organizations Agree on Transnational Rules. *Governance*, 18, 589-610.
- <sup>33</sup> BBC. 2005. *Tube PPP 'cost public purse £1bn'*. 30 de marzo. BBC, [citado o 31 de marzo do 2005]. <http://news.bbc.co.uk/1/hi/england/london/4395621.stm>
- <sup>34</sup> <http://www.egovbarriers.org/>
- <sup>35</sup> RACO, M., PARKER, G. e DOAK, J. 2006. Reshaping spaces of local governance? Community strategies and the modernisation of local government in England. *Environment and Planning C: Government and Policy*, 24, 475-496.
- <sup>36</sup> Ibid.
- <sup>37</sup> CALLANAN, M. 2005. Institutionalizing Participation and Governance? New Participative Structures in Local Government in Ireland. *Public Administration*, 83, 909-929.
- <sup>38</sup> LAMOUCHE, D. 2006. *There are 3 major technological trends that are of fundamental importance to tomorrow's connected world*. 28 de outubro. World eGovernment Forum, [citado o 25 de outubro do 2006]. [http://www.worldegovforum.com/article.php3?id\\_article=1288](http://www.worldegovforum.com/article.php3?id_article=1288)
- <sup>39</sup> ECONOMIST. 2006a. *In defence of the young*. 26 de outubro. Economist, [citado o 31 de outubro do 2006]. [http://www.economist.com/world/britain/displaystory.cfm?story\\_id=8081771](http://www.economist.com/world/britain/displaystory.cfm?story_id=8081771)
- <sup>40</sup> <http://www.egov-goodpractice.org/>
- <sup>41</sup> [http://ec.europa.eu/information\\_society/activities/egovment\\_research/success\\_stories/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/activities/egovment_research/success_stories/index_en.htm)
- <sup>42</sup> <http://europa.eu.int/idabc/egov>
- <sup>43</sup> <http://webdomino1.oecd.org/COMNET/PUM/egovproweb.nsf>
- <sup>44</sup> <http://www.unpan.org/egovment.asp>
- <sup>45</sup> [http://ec.europa.eu/enterprise/enterprise\\_policy/cip/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/enterprise/enterprise_policy/cip/index_en.htm)
- <sup>46</sup> [http://ec.europa.eu/information\\_society/activities/egovment\\_research/eparticipation/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/information_society/activities/egovment_research/eparticipation/index_en.htm)
- <sup>47</sup> [http://www.egov2005conference.gov.uk/e\\_wards/index.asp](http://www.egov2005conference.gov.uk/e_wards/index.asp)
- <sup>48</sup> IDABC. 2006h. *'Smart Municipality' competition puts spotlight on local eAdministration*. 23 de outubro. Comisión Europea, [citado o 25 de outubro do 2006]. <http://ec.europa.eu/idabc/en/document/6217/194>
- <sup>49</sup> IDABC. 2006c. *eGovernment best practice guide*. 23 de outubro. Comisión Europea, [citado o 25 de outubro do 2006]. <http://ec.europa.eu/idabc/en/document/6218/194>
- <sup>50</sup> LOTTI, S. e MANCINI, C. 2006. *The impact of e-government in the Regions: results and future perspectives*. 9 de setembro. Comisión Europea, Impact of eGovernment Conference: Helsinki (13.09.06), [citado o 26 de outubro do 2006].
- <sup>51</sup> OCDE. 2005. *Management in Government: Feasibility Report on the Development of Comparative Data*. Parides: OCDE. 29 de novembro. Informe GOV/PGC (2005) 10, páx. 21.
- <sup>52</sup> CODAGNONE, C. 2006. *Bench-learning in government - reflections from eGEP experience and beyond*. 13 de setembro. Comisión Europea, Impact of eGovernment Conference: Helsinki (13.09.06), [citado o 26 de outubro do 2006]. [http://www.egov-goodpractice.org/event\\_details.php?&eventid=125](http://www.egov-goodpractice.org/event_details.php?&eventid=125)
- <sup>53</sup> <http://ec.europa.eu/idabc/en/document/5703>
- <sup>54</sup> WEST, D. M. 2006. *Global E-Government, 2006*. Providence: Center for Public Policy, Brown University. 26 de agosto, páx. 26. <http://www.insidepolitics.org/egovt06us.pdf>
Así mesmo, na garantía de prestación de servizos e disposición de medios e instrumentos electrónicos éntrase de pleno na cuestión do acceso. Desta forma, o art. 8 regula este aspecto, chegando por momentos ao detalle. No seu parágrafo primeiro esta lei imponlles ás administracións públicas que habiliten «diferentes canles ou medios para a prestación dos servizos electrónicos, garantíndolles en todo caso o acceso a eles a todos os cidadáns, con independencia das súas circunstancias persoais, medios ou coñecementos, na forma que consideren axeitada». Como vemos, téntase incidir nas diversas causas da fenda, económicas ou culturais, polo que esta posta en funcionamento dos medios debe ter en conta tales variables e non só incidir nunha única dirección. En virtude do segundo parágrafo, «a Administración Xeral do Estado garantirá o acceso de todos os cidadáns aos servizos electrónicos proporcionados no seu ámbito a través dun sistema de varias canles» que conte, polo menos, con oficinas de atención presencial, puntos de acceso electrónico e servizos de atención telefónica. As oficinas de atención persoal «porán á disposición dos cidadáns de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos no art. 6, debendo contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización». Esta asistencia é importante para axudar as persoas con escasa alfabetización dixital. Os puntos de acceso electrónico son sedes electrónicas que dependen dos órganos públicos e ás que se pode acceder a través de redes de comunicación<sup>10</sup>. Estase a pensar, principalmente, nas páxinas web de internet. Na posta en marcha dunha sede administrativa electrónica resulta esencial a súa accesibilidade e dispoñibilidade. Para desactivar o risco da dispersión do cuantitativo (tan presente na rede, por certo), o lexislador fala da creación dun «punto de acceso xeral a través do cal os cidadáns poidan [...] acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles». Este punto, que é de esperar que sexa unha páxina web<sup>11</sup>, conterà «a relación de servizos a disposición dos cidadáns e o acceso a eles»<sup>12</sup>. Os servizos de atención telefónica non só facilitarán información, senón tamén acceso aos «servizos electrónicos». Isto último significa que a través do teléfono tamén se prestarán estes servizos.

De novo relacionado co acceso hai unha previsión relativa á iniciación dun procedemento por medios electrónicos por solicitude do interesado. Neste caso porán a disposición dos interesados os correspondentes modelos ou sistemas electrónicos para levar a cabo tal solicitude, «que deberán ser accesibles sen outras restricións tecnolóxicas que as estritamente derivadas da utilización de estándares» abertos e de uso xeneralizado, e «criterios de comunicación e de seguridade aplicables de acordo coas normas e protocolos nacionais e internacionais» (art. 35.1, que ten carácter básico).

Á marxe destas previsións relativas ao acceso, é necesario traer a colación outras cuestións que tamén nos interesan en extremo. Desta forma, o dereito dos cidadáns a se relacionar coas administracións públicas por medios electrónicos está previsto tanto no art. 1.1 coma no art. 6. Poderíase dicir que este é o eixe da presente lei (como di a exposición de motivos no seu apartado I). Estamos ante un dereito subxectivo que, como tal, xera a conseguinte obriga para tales administracións, situadas en todos os niveis territoriais tendo en conta o carácter básico destes dous artigos. As administracións deberán levar a cabo as actuacións necesarias para que este acceso dixital sexa posible e efectivo. O citado art. 6 entra en máis detalles ao recoñecerlles «aos cidadáns o dereito a se relacionar coas administracións públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, establecer pretensións, efectuar pagamentos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos». Con esta previsión ofrécenlle ao cidadán unha posición xurídica básica que lle outorga o poder de se relacionar de xeito dixital coa Administración. O lexislador tentou ofrecer unha regulación ampla e por iso remítese aos dereitos do art. 35 da Lei 30/1992<sup>13</sup>, aos que lles engade diversas actuacións a maiores (que se cadra fora mellor recoller de maneira máis xenérica aludindo á posibilidade de levar a cabo as actuacións que se requiran diante da Administración). Confórmase, así, un poderoso corpus xurídico nas mans dos cidadáns para se introduciren con plena eficacia na Administración electrónica. Non obstante, esta técnica legislativa non foi todo o axeitada que cabería esperar: a remisión ao art. 35 da Lei 30/1992 non significa que tales dereitos se poidan exercer electronicamente. Tamén o ve así Cotino Hueso, que ve insatisfactoria esta técnica de simple remisión «posto que realmente estes dereitos requiren dunha regulación concreta para a súa proxección en plenitude ás relacións electrónicas»<sup>14</sup>.

Tamén no art. 6 relativo aos dereitos se mencionan outros que tentan completar o acabado de citar, de tipo máis xeral e omnicompreensivo. Entre eles, á parte da igualdade de acceso xa citada, encontramos o dereito «a elixir, entre aquelas que en cada momento estean dispoñibles, a canle a través da cal se poden relacionar por medios electrónicos coas administracións públicas». Esta alternativa que lle dan ao cidadán é tamén unha medida adecuada para ir mingando a fenda dixital. Nunha liña similar encóntrase a necesidade de evitar «discriminación aos cidadáns por razón da súa elección tecnolóxica» do art. 41.

En fin, as campañas formativas relativas ás novas tecnoloxías son un ataque directo á fenda dixital. A disposición adicional segunda, titulada «Formación de empregados públicos», indica que «a Administración Xeral do Estado promoverá a formación do persoal ao seu servizo na utilización de medios electrónicos para o desenvolvemento das actividades propias dela».

Con relación ao segundo tipo de previsións que apuntabamos máis arriba, as que **afectan ao tema da fenda dixital de forma indirecta**, podemos citar o principio de igualdade do parágrafo b do art. 4, igualmente básico. En virtude del, o uso de medios electrónicos non pode implicar «a existencia de restricións ou discriminacións para os cidadáns que se relacionan coas administracións públicas por medios non electrónicos, tanto respecto ao acceso á prestación de servizos públicos como respecto a calquera actuación ou procedemento administrativo sen prexuízo das medidas dirixidas a incentivar a utilización dos medios electrónicos». Este principio pode ter unha lectura distinta, problemática e crítica, que recollemos na epígrafe dedicada aos problemas pendentes. Pero agora tamén o queremos situar entre estas



medidas de tipo xenérico que poden axudar indirectamente a combater a fenda dixital. A *contrario sensu*, a previsión citada implica que a realización de trámites administrativos vía dixital ten plenas consecuencias xurídicas. De igual modo, dá a entender que é recomendable a aprobación de medidas incentivadas da Administración electrónica.

Outra alusión que resulta obrigada facer é a que se refire á aposta pola interoperabilidade. En efecto, entre os principios xerais do art. 4 atopamos no apartado e) o «principio de cooperación na utilización de medios electrónicos polas administracións públicas co obxecto de garantir tanto a interoperabilidade dos sistemas e solucións adoptados por cada unha delas». Neste sentido, «as administracións públicas utilizarán as tecnoloxías da información nas súas relacións coas demais administracións e cos cidadáns aplicando medidas [...] que garantan un axeitado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa» (art. 42, titulado «Interoperabilidade dos Sistemas de Información», de carácter básico). É unha cuestión de moita maior relevancia da que aparentemente ten nunha aproximación inicial. Só coa interoperabilidade de sistemas poderá ser eficaz a Administración electrónica e instauraranse as precondicións axeitadas para superar a fenda dixital. A realidade actual de goberno e xestión multinivel, con divisións horizontais e verticais, esíxeo así. En virtude do art. 40.2, o Comité Sectorial de Administración Electrónica asegurará «compatibilidade e interoperabilidade dos sistemas e aplicacións empregados polas administracións públicas».

Tamén a previsión dun Valedor do Usuario da Administración electrónica (art. 7) pode servir para afrontar o problema que estamos a analizar sempre e cando, claro está, a sensibilidade do seu titular, e os medios de que dispoña, se dirixan a iso. Esta figura case se podería situar no primeiro grupo de medidas, as que directamente abordan a fenda, pois este valedor debe velar pola «garantía dos dereitos recoñecidos aos cidadáns na presente lei» (xa que logo, tamén do dereito a se relacionar coa Administración por medios electrónicos e o dereito á igualdade de acceso). Non obstante, o labor que desenvolve unha institución personalista como esta dependerá en boa medida do enfoque que lle queira dar o seu titular, o que fixo que a coloquemos neste segundo grupo. Desde outro punto de vista, no que agora non podemos pararnos, o Valedor do Usuario talvez sexa disfuncional no conxunto do sistema. Nos últimos tempos creceron as figuras inspiradas no *Ombudsman* que dispersan e parcelan o sistema de garantías facendo que se perda visión de conxunto. Quizais fose máis eficaz non dispersar os esforzos e concentrarse máis en fortalecer o Valedor do Pobo estatal e os valedores autonómicos.

A admisión nos rexistros públicos electrónicos de calquera solicitude dirixida ao órgano titular do rexistro é outra previsión que dunha ou outra forma axuda a xeneralizar a Administración electrónica. En virtude do art. 24.3, «en cada administración pública existirá, polo menos, un sistema de rexistros electrónicos suficiente para recibir todo tipo de solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos a esa administración pública». O carácter básico deste precepto fai que as administracións autonómicas tamén deban constituír rexistros dese tipo. Estes rexistros electrónicos «permitirán a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas» (art. 26.2, tamén básico).

Do mesmo xeito, o estímulo do uso de medios electrónicos serve para promover a e-Administración e, con iso, reducir indirectamente a fenda. Con base no art. 27.2, de carácter básico en todos os seus apartados, «as administracións públicas utilizarán medios electrónicos nas súas comunicacións cos cidadáns sempre que así o solicitaran ou consentiran expresamente». E un pouco despois (art. 27.6) dise que regulamentariamente «as administracións

públicas poderán establecer a obrigatoriedade de se comunicar con elas utilizando só medios electrónicos cando os interesados se correspondan con persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos». Igualmente, o Comité Sectorial da Administración Electrónica preparará «plans programas conxuntos de actuación para impulsar o desenvolvemento da administración electrónica en España» (art. 40.2). A este comité correspóndelle velar polo cumprimento dos fins e principios establecidos nesta lei.

Unha última cuestión para pechar esta epígrafe. Como estamos a ver, esta lei 11/2007 alude por todos os lados a «cidadáns». No anexo de definicións concíbese o «cidadán» como «calquera persoa física, persoa xurídica e ente sen personalidade que se relacione, ou sexa susceptible de se relacionar, coas administracións públicas». Polo tanto, vaise máis alá do vínculo de nacionalidade e adóptase un sentido moito máis amplo.

### 4.3. Outras normas

Referímonos agora a outras leis que conteñen diversas previsións interesantes para o tema. Algunha destas leis non son propiamente de administración electrónica (Lei xeral de telecomunicacións, Lei de sinatura electrónica), pero as concretas citas que facemos delas tamén teñen operatividade nesta.

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeneral de telecomunicacións<sup>15</sup> fai tres tipos de previsións importantes no que agora nos compete. Por unha banda, promove o desenvolvemento das telecomunicacións e de novos servizos, e o acceso a eles en condicións de igualdade, impulsando a cohesión territorial, económica e social (art. 3 c). En segundo lugar, defende os intereses dos usuarios, «asegurando o seu dereito ao acceso aos servizos de comunicacións electrónicas en axeitadas condicións de elección, prezo e calidade», salvagardando o imperativo constitucional de non discriminación (art. 3 e). E, en terceiro lugar, esta lei recolle a categoría de servizo universal. Este tipo de servizo é un «conxunto definido de servizos dos que se garante a súa prestación para todos os usuarios finais con independencia da súa localización xeográfica, cunha calidade determinada e un prezo alcanzable» (art. 22). Isto supón, entre outras cousas e como se di no mesmo precepto, que «todos os usuarios finais poidan obter unha conexión á rede telefónica pública desde unha situación fixa e acceder á prestación do servizo telefónico dispoñible ao público». Ao que se engade que «a conexión débelle ofrecer ao usuario final a posibilidade de efectuar e recibir chamadas telefónicas e permitir comunicacións de fax e datos a velocidade abonda para acceder de forma funcional á internet». Igualmente, o servizo universal implica que «os usuarios finais con minusvalía teñan acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha situación fixa» e que lles ofrezan aos consumidores que sexan persoas físicas «opcións ou paquetes de tarifas que difiran da aplicadas en condicións normais de explotación comercial, co obxecto de garantir, en particular, que as persoas con necesidades sociais especiais poidan ter acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público ou facer uso deste». Ademais, o Goberno poderá impoñer outras obrigas de servizo público motivadas por «razóns de cohesión territorial» (art. 25.2 a), o cal é de especial interese se temos en conta que a principal causa da fenda dixital en España son as diferenzas territoriais.

A Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica recolle unha medida que indirectamente axuda a cubrir a fenda dixital cando, no seu art. 15, estipula que «todas as per-

soas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, recoñecerán a eficacia do documento nacional de identidade electrónico para acreditar a identidade e os demais datos persoais do titular que consten neste, e para acreditar a identidade do asinante e a integridade dos documentos asinados cos dispositivos de sinatura electrónica nel incluídos». Facilitar o uso dixital dun documento xeral como o de identidade ante as persoas xurídicas públicas fomenta a e-Administración e estimula que os que se atopan afastados das novas tecnoloxías se acheguen a elas<sup>16</sup>.

A Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público dedica a disposición adicional 19, que ten o carácter de básica, ao uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos considerados nesta lei. Nela insítese desde diversas perspectivas no principio de non discriminación. En efecto, esta disposición adicional establece que «os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán ser non discriminatorios, estar a disposición do público e ser compatibles coas tecnoloxías da información e da comunicación de uso xeral». Hai que recordar que o principio de non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos se sitúa no art. 1 desta lei como un dos principais obxectivos da contratación do sector público. Na mesma liña, insiste a disposición adicional 19 en que «a información e as especificacións técnicas necesarias para a presentación electrónica das ofertas e solicitudes de participación deberán estar a disposición de todas as partes interesadas, non ser discriminatorios e ser conformes con estándares abertos, de uso xeral e ampla implantación». Deste modo, «os programas e aplicacións necesarios para a presentación electrónica das ofertas e solicitudes de participación deberán ser de amplo uso, doado acceso e non discriminatorios, ou deberán poñer a disposición dos interesados polo órgano de contratación».

Así mesmo, o art. 309 da Lei de contratos do sector público contempla para a xestión da publicidade contractual por medios electrónicos a denominada Plataforma de contratación do Estado. O precepto dispón que «a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, a través dos seus órganos de apoio técnico, porá a disposición de todos os órganos de contratación do sector público unha plataforma electrónica que lles permita dar publicidade a través da internet ás convocatorias de licitacións e aos seus resultados e a canta información consideren relevante relativa aos contratos que celebren, así como prestar outros servizos complementarios asociados ao tratamento informático destes datos».

Para finalizar este apartado imos aludir a unha lei autonómica galega. É a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega. O seu art. 8, que se refire aos medios electrónicos, informáticos e telemáticos, imponlle á Administración autonómica o impulso do emprego e a aplicación das técnicas e medios electrónicos e telemáticos para a realización da súa actividade e para o exercicio das súas competencias. Así mesmo, «a tramitación dos procedementos administrativos apoiarase na utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos». Tamén se contempla un rexistro telemático no que se poderán presentar as «solicitudes, escritos e comunicacións» dirixidos á Administración autonómica.

## 5. PROBLEMAS PENDENTES

A normativa aludida na epígrafe anterior é, sen dúbida, un avance no que agora nos ocupa pero tamén evidencia que aínda persisten problemas pendentes, algúns de difícil abordaxe técnico-xurídica.

Neste sentido, manter a igualdade entre os que se relacionen coa Administración por medios electrónicos e os que o fagan por outros medios (art. 4 b da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos) poden ter como negativo efecto colateral que os que estean afastados das novas tecnoloxías non atopen alicientes para alterar esa situación dado que a súa actuación por vías analóxicas xera iguais consecuencias xurídicas que as que presentan un soporte dixital. Nun primeiro estadio na evolución de la administración electrónica resulta razoable manter este principio de igualdade entre os dous tipos de actuacións. Non obstante, cando o asentamento de la administración electrónica xa se produciu, talvez esta situación impida dar o salto definitivo.

Un razoamento similar ao que se acaba de expoñer pódese esgrimir ante o mantemento en vigor durante un tempo excesivo da posibilidade de escoller canle para se relacionar coa Administración (canle analóxica ou dixital). O art. 27 da Lei 11/2007 permítelles aos cidadáns «elixir en todo momento o xeito de se comunicaren coas administracións públicas, sexa ou non por medios electrónicos». O razoable sería que esta capacidade de elección se mantivese só por un tempo. Cando a e-Administración estea máis asentada e a fenda minguada, deberíase eliminar establecendo como única canle a dixital. Evitaríanse, deste xeito, duplicidades e apostaríase definitivamente pola Sociedade da Información. Esta non deixa de ser unha cuestión polémica na que tamén podería haber (aínda que de momento non os hai agás na contratación pública electrónica<sup>17</sup>) beneficios ou penalizacións (en canto a prazos ou duración do procedemento): beneficios para os que usan as novas tecnoloxías ou penalización para os que non as usan. Son defendibles medidas diferenciadoras que estimulen a instauración e emprego da tecnoloxía dixital. Habería que facer unha análise casuística de cada unha destas hipotéticas medidas. En todo caso, a súa admisión tería que superar o test de proporcionalidade en sentido amplo tendo en conta que a finalidade sería a promoción das novas tecnoloxías (idoneidade da medida en función da súa adecuación a esa finalidade; necesidade da medida no sentido de ser imprescindible para tal obxectivo; e proporcionalidade en sentido estrito ou superación da ponderación de intereses en xogo). Dependendo do contexto o resultado final desta análise podería variar.

De igual modo, resulta bastante problemática algunha consideración que se pode facer da disposición final terceira desta Lei 11/2007, que prevé a adaptación das administracións públicas para o exercicio dos dereitos. Para a Administración Xeral do Estado os dereitos recoñecidos no art. 6 desa lei (entre os que están os xa mencionados dereitos a se relacionar coas administracións públicas utilizando medios electrónicos e á igualdade no acceso electrónico aos servizos) «poderán ser exercidos en relación coa totalidade dos procedementos e actuacións da súa competencia a partir do 31 de decembro de 2009». Esta previsión podémola considerar razoable e congruente coa aposta pola e-Administración. En cambio, no ámbito das comunidades autónomas e das entidades que integran a administración local, os dereitos do art. 6 exerceranse a partir da mesma data «sempre que o permitan as súas disponibilidades orzamentarias». A vaguidade de tal afirmación e a discrecionalidade que outorga é certamente criticable. Mesmo, pode diferir *sine die* a plena instauración da Administración electrónica e dos mecanismos de acceso á ela.

Desde outro punto de vista, aparecen como problemáticas certas cuestións propias máis ben da democracia electrónica. Pódese dicir que existen dous niveis de análise no que agora nos ocupa: o constitucional, que se conecta coa idea de participación cidadá; e o administrativo, relativo á eficacia do funcionamento administrativo. Desde o primeiro nivel, as medidas

que se poñen en práctica na Administración electrónica para superar a fenda dixital comparten problemas similares aos que se atopan na e-democracia. Nesta orde de cousas, podemos referir ao mito participativo, que talvez se esquece de que o uso de medios tecnolóxicos non aseguran *per se* o fin buscado, que non é outro que a consecución e o aumento da participación efectiva. Así as cousas, os mecanismos de participación da Administración electrónica serán positivos se veñen precedidos de programas de información e consulta. Estes son verdadeiramente útiles para deseñar medidas que respondan ás verdadeiras necesidades da cidadanía. Pódese producir, así, unha especie de retroalimentación grazas ao emprego por parte das administracións de instrumentos de participación cidadá que logran unha maior aceptación das políticas públicas.

Aínda queda moito por percorrer porque a Sociedade da Información aínda debe superar novas etapas. A participación e o acceso electrónicos adoitan a se limitar a ferramentas sinxelas para a discusión de ideas ou resolución de trámites; aínda existen moi poucas ferramentas dedicadas á toma de decisións en liña. O futuro, talvez, atope unha arquitectura de e-participación que reformule o acceso á Administración pública ao aplicar técnicas multicriterio e novas ferramentas decisionais. Pensemos nas posibilidades que se abren coa web semántica. Todo isto está aínda en construción, polo que é un problema pendente que precisa ser estudado. Sexa como for, os poderes públicos están chamados a desempeñar un papel clave á hora de garantir a igualdade de acceso á rede nunhas condicións de calidade que permitan reducir a fenda. Como xa temos afirmado, «a busca da igualdade de acceso ten que se basear nuns requisitos de calidade que non a desvirtúen»<sup>18</sup>.

Por último, pero non por iso menos importante, fagamos un recordatorio. A Administración non poderá ela soa vencer a fenda dixital, por moito que habilite medidas de acceso e de promoción. Cómpre tamén a adecuada sensibilización da sociedade, en especial do tecido empresarial, que pode ter un papel máis que relevante nesta finalidade de eliminar todas as pexas existentes no predio das novas tecnoloxías. Isto preséntase tamén como outro problema aínda sen resolver.

## 6. CONCLUSIÓNS

Despois do percorrido efectuado nas epígrafes anteriores, procede agora facer unhas reflexións conclusivas. As novas tecnoloxía someten os poderes públicos e a relación destes coa cidadanía a novos desafíos e posibilidades. Unhas posibilidades que espertan optimismo por diversas razóns: aforro de tempo e de cartos, alternativas antes descoñecidas, novas vías de participación, flexibilidade. Ante semellante potencialidade cómpres superar canto antes os problemas que aínda persisten e tentar desfacer os inconvenientes que poderían desactivar gran parte das vantaxes.

Neste sentido, en pleno século XXI, resulta imprescindible remediar a desigualdade de acceso ás novas tecnoloxías para que o desenvolvemento que nos ofrece a Sociedade da Información non prexudique a certos sectores que ven como se afastan os adiantos tecnolóxicos. Estes non poden ser un privilexio, senón un medio de participación e formación que, por esixencias do Estado social, se debe estender a todo o territorio e a toda a cidadanía.

A fenda dixital é un problema de difícil solución porque posúe múltiples aresta que necesitan ser abordadas de xeito diferente. En todo caso, o poder público ten que lle prestar a debida atención, aínda que tamén os operadores privados están chamados a desempeñar o seu papel neste sentido. Son necesarias políticas que difundan a cultura dixital e que sirvan

para unha socialización sensible coas novas tecnoloxías. A formación é un dos eixes que debe inspirar este labor, dirixíndose especialmente aos nenos e á xente nova. Estas políticas públicas favorecerán a conectividade, a capacidade de proceso, o acceso de calidade en igualdade e a interactividade. O obxectivo é a universalización real do acceso no marco da regulación complexa, en malla e heteroxénea, na que o poder público mantén o papel de garante dos intereses xerais.

As medidas xurídicas parecen, hoxe por hoxe, imprescindibles, pois o Dereito, ao regular a vida na sociedade, tamén a pode transformar e desenvolver. A busca da citada universalización do acceso é unha medida non só sociopolítica, senón tamén xurídica. Ás veces dise, e con razón, que a internet ten uns trazos que fan que fuxa do control do poder público (supranacionalidade, anonimato, estrutura reticular, etc.). De aí que haxa medidas tradicionais de intervención administrativa que xa non se adaptan á Sociedade da Información. Con todo, no eido da fenda dixital o labor do poder público si pode ser efectivo. A Administración electrónica cobra especial significación como reflexo da capacidade de actuación que o poder público ten neste terreo. A través dela pódense levar a cabo políticas de promoción das novas tecnoloxías e, tamén, políticas de reconstrución que sirvan para eliminar barreiras e universalizar o acceso. A neutralidade tecnolóxica e a posibilidade de utilizar varias plataformas (internet, SMS, televisión dixital terrestre) axudarán a conseguilo. En todo caso, os imperativos constitucionais débense manter sen concesións e ser unha guía neste proceso, en especial os artigos 9.2, 14 e 18.4. Tampouco, en ningún dos casos, a e-Administración se pode esquecer das persoas que, polas súas necesidades especiais ou diversidade funcional, requiran mecanismos non ordinarios para o acceso.

En definitiva, o desafío do acceso dixital á Administración pública en España está formulado con toda a súa forza e crueza. Os poderes públicos deben responder de forma axeitada e subir canto antes ao tren da modernidade tecnolóxica. A base normativa mellorou substancialmente; esperemos que a súa aplicación práctica e a súa evolución e desenvolvemento sexan satisfactorios.

## Notas

---

- <sup>1</sup> Este traballo realizouse no marco do proxecto I+D nacional do MEC «De la administración al gobierno electrónicos: régimen e implicaciones jurídicas y constitucionales» (SEJ2005-09191/JURI).
- <sup>2</sup> Frosini, Vittorio. 1996. «Los derechos humanos en la era tecnológica», en Antonio-Enrique Pérez Luño (coord.), *Derechos humanos y constitucionalismo ante el tercer milenio*, Madrid: Marcial Pons, p. 88.
- <sup>3</sup> Fernández Rodríguez, José Julio. 2004. *Lo público y lo privado en Internet. Intimidad y libertad de expresión en la Red*, México D. F.: Universidad Nacional Autónoma de México, pp. 183 e seguintes.
- <sup>4</sup> Sunstein, Cass R. 2003. *República.com. Internet, democracia y libertad*. Barcelona: Paidós, p. 30.
- <sup>5</sup> *Ibidem*
- <sup>6</sup> Reniu i Vilamala, Joseph M<sup>a</sup> 2007. «Entre el papel y la Red. Evaluación y percepciones sociopolíticas del voto electrónico en España», en Lorenzo Cotino Hueso (coord.) *Democracia, participación y voto a través de las nuevas tecnologías*. Granada: Comares, pp. 410-411
- <sup>7</sup> No proxecto, esta lei titulábase de acceso electrónico ás administracións públicas. Tendo en conta o seu contido final este título era, sen dúbida, moito máis correcto que o que finalmente se aprobou, pois a lei non só trata o acceso (máis ben céntrase noutras cousas) nin se conecta coa idea de servizo público ao facer referencia ao funcionamento administrativo en xeral.
- <sup>8</sup> Sobre os dereitos do cidadán desta lei pode verse a detida análise de Cotino Hueso, Lorenzo. 2007. «Derechos del ciudadano», en Eduardo Gomero y Casado e Julián Valero Torrijos (coords.) *La Ley de Administración Electrónica*. Cizur Menor: Aranzadi, pp. 117 e ss. Nós só podemos facer unha referencia sucinta por problemas de espazo.
- <sup>9</sup> As normas básicas desta lei dítanse ao abeiro do disposto no art. 149.1.18 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e sobre o procedemento administrativo común (*vid.* disposición final primeira da Lei 11/2007).
- <sup>10</sup> Sobre a sede electrónica, concibida como unha nova dimensión da oficina administrativa, pódese consultar Valero Torrijos, Julián. 2007 «Acceso a los servicios y a la información por medios electrónicos», en Eduardo Gomero Casado e Julián Valero Torrijos (coords.) *La Ley de Administración Electrónica*. Cizur Menor: Aranzadi, pp. 235 e ss
- <sup>11</sup> Algo similar á actual [www.060.es](http://www.060.es). A rede 060 consta deste portal de internet e dun teléfono de atención administrativa aos cidadáns, o 060.
- <sup>12</sup> Téñase en conta tamén que «as sedes electrónicas das que o titular teña competencia sobre territorios con réxime de cooficialidade lingüística posibilitarán o acceso aos seus contidos e servizos nas linguas correspondentes» (disposición adicional sexta).
- <sup>13</sup> Este precepto afirma o seguinte: «Os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas, teñen os seguintes dereitos: A) A coñeceren, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e a obterer copias de documentos contidos neles; B) A identificaren as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos; C) A obterer copia selada dos documentos que presenten, achegándoa xunto cos orixinais, así como á devolución destes, agás cando os orixinais deban constar no procedemento; D) A empregaren as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico; E) A formularen alegacións e a achegaren documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que o órgano competente deberá ter en conta ao redactar a proposta de resolución; F) A non presentaren documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, ou que xa se encontren en poder da Administración actuante; G) A obterer información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles impongan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propongan realizar; H) A accederen aos rexistros e arquivos das administracións públicas nos termos previstos na Constitución e nesta ou outras leis; I) A seren tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que deberán facilitarles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas. J) A esixiren a responsabilidade das administracións públicas e do persoal ao seu servizo, cando así corresponda legalmente; K) Calquera outro que lles recoñeza a Constitución e as leis».
- <sup>14</sup> Cotino Hueso, Lorenzo 2007. «Derechos del ciudadano», *op. cit.*, p. 176.
- <sup>15</sup> Para maiores precisións pódese consultar Cremades, Javier e Rodríguez-Arana, Jaime. 2004. *Comentarios a la Ley General de Telecomunicaciones*. Madrid: La Ley.
- <sup>16</sup> Recordemos que o art. 14 da xa analizada Lei 11/2007 prevé que «as persoas físicas poderán, en todo caso e con carácter universal, utilizar os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao DNI na súa relación por medios electrónicos coas administracións públicas».
- <sup>17</sup> *Vid.* arts. 143, 148, 151 e 250 da Lei 30/1997, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- <sup>18</sup> Fernández Rodríguez, José Julio 2004 *Secreto e intervención de las comunicaciones en Internet*. Madrid: Civitas, p.78

# Modelos de administración pública. Serven os servizos públicos electrónicos á Administración ou aos cidadáns?



**&** *Resumo/Abstract: O uso de servizos públicos electrónicos foise estendendo entre as administracións públicas, modificando ao mesmo tempo tanto a oferta de servizos que os cidadáns teñen en internet coma ás propias institucións.*

*O obxectivo do relatorio é coñecer ata que punto o uso que diferentes tipos de cidadáns fan dos servizos públicos electrónicos contribuíu a xerar diferentes modelos de administración. Por unha banda, administracións que intentan contribuír a aumentar a oferta de servizos atractivos en internet para que os seus cidadáns teñan máis incentivos á hora de entrar na sociedade da información. E pola outra, administracións que intentan rendibilizar as novas tecnoloxías aproveitando dos grupos sociais que xa as usan.*

*O estudo baséase nos datos da enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación nos fogares que o Instituto Nacional de Estatística realiza desde o 2002. &*

**&** *Palabras clave: goberno electrónico, uso de e-goberno, internet, Administración pública, servizos públicos electrónicos, avaliación*





## 1. INTRODUCCIÓN

En xuño do 2005 a Comisión Europea desenvolveu un novo marco para a sociedade da información (SI), i2010 Unha Sociedade da Información Europea para o Crecemento e o Emprego. O documento, entre outras cousas, representaba unha comprobación do estado do desenvolvemento da sociedade da información en Europa despois do lanzamento de eEurope 2005 no ano 2003. No documento, baseado en enquisas realizadas a fogares e empresas dos estados membros no 2004, afirmábase que a dispoñibilidade de servizos públicos electrónicos (SPE) seguira crescendo con respecto a anteriores medicións e que a maioría dos usuarios describían beneficios no seu uso, en termos de tempo aforrado e un acceso máis flexible ás administracións. De acordo cos datos obtidos, recomendábaselles aos estados membros que reforzasen o desenvolvemento de políticas de e-goberno. No entanto, segundo os datos obtidos, o documento facíase eco de que había divisións na sociedade que non parecían pecharse e que unha SI inclusiva non se podería obter sen axuda de políticas públicas concretas. Concretamente, citábanse os casos da extensión da SI a persoas maiores, con pouca ou nula educación formal, ou desocupadas.

As decisións de política pública que poden tomar os gobernos ante esta situación son moitas e moi variadas. Por unha banda, poden actuar sobre a oferta, xa sexa implantando políticas de regulación do mercado das telecomunicacións para incidir nos prezos de acceso ás novas tecnoloxías, ou tamén erixíndose en operadores dos devanditos servizos. En liñas xerais, os gobernos das economías máis avanzadas optaron pola regulación máis que pola prestación directa baseada no control de empresas de telecomunicacións.

En relación á demanda, as opcións dos gobernos son tamén amplas. Poden apoiar iniciativas que poñan en liña servizos para que resulte máis atractiva a opción do uso das novas tecnoloxías por parte dos cidadáns e tamén poden decidir apostar pola prestación directa de servizos a través da Administración. O obxecto de estudo deste traballo circunscríbese a esta última opción: a través de que mecanismos os estados actúan sobre a demanda de servizos electrónicos prestando servizos directamente desde as administracións: os servizos públicos electrónicos (SPE).

## 2. ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E SERVIZOS PÚBLICOS ELECTRÓNICOS

### 2.1. Estratexias de implantación: motor ou remolque

Ante a situación descrita anteriormente, a Administración Pública (AP) pode optar por diferentes niveis de intervención na prestación de SPE. Unha clasificación básica é a que divide o uso das TIC segundo se o obxectivo final é a propia Administración ou son os cidadáns. Neste sentido, pódense aproveitar as vantaxes que ofrece a tecnoloxía para mellorar procesos internos, conseguindo máis eficacia e eficiencia na prestación de servizos, pero sen que o cambio afecte ás tecnoloxías que se usan para comunicarse co cidadán. Esta aproximación baseada no aumento do rendemento mediante procedementos informáticos iniciouse décadas atrás na maioría dos países europeos.

O cambio máis importante nestes últimos anos situouse no nivel externo, o nivel no que a AP se comunica cos cidadáns e as empresas a través de TIC. Neste caso o uso dunha tecnoloxía aproveítase para mellorar de xeito directo a prestación de servizos cos cidadáns.

Neste contexto, unha administración actuará a remolque cando o seu obxectivo sexa maximizar os rendementos da implantación das TIC sen ter en conta o papel social que a súa estratexia pode ter. A AP desenténdese da súa capacidade para fomentar o uso das TIC entre sectores da poboación pouco proclives a optar pola SI. Na busca da máxima eficiencia, a AP diseña unha estratexia de uso das TIC baseada naquela poboación que xa está conectada e fai un uso cotián da tecnoloxía. Deste xeito, os custos para a AP son moito menores posto que non debe facer esforzos suplementarios para que os cidadáns «aprendan» a comunicarse con ela mediante as novas ferramentas. A falta de servizos dirixidos a sectores da poboación que non están conectados —ou a percepción de que os servizos existentes en internet non satisfán os custos de conectarse— ensancha aínda máis a fenda dixital que existe entre sectores da poboación.

Unha administración, pola contra, funcionará como motor da SI cando a súa actuación vaia orientada a fomentar o uso das TIC entre aqueles cidadáns que, sen o incentivo da Administración e só cos que ofrece o mercado, dificilmente optarían por utilizar as novas tecnoloxías. A AP realiza unha estratexia de uso das TIC cos cidadáns onde o obxectivo non é a procura da máxima eficacia para si mesma. Neste caso existe a convicción de que os SPE teñen un impacto social non simplemente entre aqueles que xa son usuarios doutros servizos electrónicos, senón tamén entre grupos sociais que quedaron á marxe das TIC pero que debido á existencia dun incentivo por parte da Administración en forma de servizo deciden «engancharse» á sociedade da información. Neste sentido, pois, a AP funciona como motor.

Aínda que as estratexias de remolque e motor deben considerarse como extremos dun continuo onde dificilmente existen casos puros de calquera dos dous tipos ideais, si que é posible distinguir trazos e culturas diferentes entre diferentes estratexias. Polo tanto, o obxectivo deste traballo é demostrar ata que punto en España a Administración Pública está funcionando como un motor da SI ou se o fai a remolque dela.

## 2.2. Uso de servizos públicos electrónicos

A aproximación ao concepto de «servizo público electrónico» baséase nun criterio práctico. A «enquisa a fogares sobre equipamentos e uso de tecnoloxías da información e a comunicación» (TIC-H)<sup>6</sup> que realiza anualmente desde o 2002 o Instituto Nacional de Estatística (INE) considera o uso «de servizos públicos electrónicos» a partir da seguinte pregunta:

43. Dígame se nos últimos tres meses usou por motivos particulares os seguintes servizos de comunicación coas administracións públicas por internet (sí, non, ns/nc):


1. Obter información de páxinas web da Administración
2. Descargar formularios oficiais
3. Enviar formularios cubertos

A enquisa TIC-H é a que utiliza a oficina estatística da UE (Eurostat) para comparar os datos de acceso a internet e de uso de SPE en Europa. Os datos relativos ao uso da administración electrónica en Europa que proceden de fontes da Unión Europea baséanse, entón, na devandita definición. A enquisa TIC-H permite tamén coñecer se no último mes o individuo se conectou a internet ou non.

### 2.3 O uso da administración electrónica en España

Ademais de Eurostat e as institucións estatais de estatística, existen outras fontes que pretenden medir o uso dos SPE. A consultora Accenture, por exemplo, utiliza unha aproximación baseada nos internautas que polo menos algunha vez utilizaron a administración electrónica. A primeira diferenza coa definición do INE (e por extensión da UE) é de matiz temporal. Mentres que para o INE importa o realizado nos últimos tres meses, para a consultora o tempo non é un factor determinante e a exposición debeu ser atemporal: «polo menos unha vez». A segunda diferenza radica no tipo de exposición. Mentres que o INE define claramente que é o que conta para ser considerado usuario (obter información dunha páxina, descargar formularios ou enviar formularios), Accenture simplemente usa o concepto «utilizar» de forma máis vaga e imprecisa.

Malia estas diferenzas, os datos estandarizados por estados de Accenture permiten situar a España no contexto internacional. O gráfico 1 presenta unha mostra de países para o ano 2004. No eixe de abscisas os estados ordénanse segundo a porcentaxe de usuarios de internet sobre a poboación (penetración de internet), mentres que no eixe de ordenadas os estados se ordenan segundo a porcentaxe destes usuarios de internet que tamén son usuarios de SPE. Segundo a consultora [17, :24], o uso de e-goberno concéntrase en ambos os extremos de niveis de penetración de internet. A explicación é que en países con altas taxas de penetración (Australia, Estados Unidos) os individuos teñen experiencia na rede e exploraron o seu potencial para moitos usos. En contraste, países con taxas de penetración baixas (España, Francia ou Italia), o elevado entusiasmo dos primeiros individuos que adoptan a rede tamén os leva a explorar diferentes usos. A explicación, no entanto, esquece os motivos de atopar baixas taxas de uso de e-goberno entre usuarios de internet de países con taxas medias de penetración.



**Gráfico 1:** Porcentaxe de usuarios de internet sobre a poboación e porcentaxe de usuarios dos SPE sobre os usuarios de internet, 2004. As liñas horizontal e vertical representan a media en cada un dos eixes.

En calquera caso, a situación de España no contexto internacional representa un caso onde os poucos internautas fan un uso intenso de servizos electrónicos. A fenda, entón, sitúase fundamentalmente entre estar na rede ou non estar (ser internauta ou non). A división entre utilizar SPE ou non utilízalos é das menores que existen (de aí que un 78% dos internautas use e-goberno). Pódese afirmar que os internautas en España son «entusiastas» e «exploradores», aínda que escasos.

### 3. DESEÑO EXPERIMENTAL

A situación ideal para responder á pregunta de investigación sobre o papel da AP en España como motor ou remolque da SI implicaría o seguimento de cidadáns antes e despois da introdución de certos SPE. Observaríase se o feito de aumentar a oferta de servizos de internet (SPE) sen cambiar ningunha das outras condicións atrae dabondo aos devanditos cidadáns cara á inclusión na SI. A existencia dun efecto permitiría afirmar que no contexto da investigación a Administración funcionou como motor. De non poder probar o efecto concluiríase que a Administración funcionou a remolque.

Con todo, a situación experimental ideal non está dispoñible para unha mostra representativa a nivel estatal. Os datos dispoñibles nunha mostra representativa a nivel estatal son os da mencionada enquisa TIC-H que o INE realiza anualmente e desde o 2002 e na que se pregunta polo uso de SPE. Aínda que non é posible realizar o experimento ideal descrito, os datos permiten moitas outras posibilidades analíticas.

#### 3.1. Individuos obxecto da comparación


Segundo o uso que fagan da rede e dos SPE, os cidadáns pódense situar nun dos seguintes tres grupos<sup>1</sup>:

+I, +SPE Usuarios de internet e, ademais, usuarios de SPE. Non é posible coñecer se son usuarios de internet porque a existencia de oferta en SPE os convenceu para usar a rede.

+I, -SPE Usuarios de internet que non son usuarios de SPE. Para este grupo de cidadáns a rede ten servizos atractivos abondos como para utilízala aínda sen utilizar SPE.

-I, -SPE Cidadáns que non son usuarios de internet e, xa que logo, tampouco o son de SPE. Trátase do grupo onde se poden atopar potenciais usuarios de TIC para os cales a existencia de SPE poden ser un motor para engancharse á SI. Non obstante, tamén neste grupo hai cidadáns que están e estarán fóra da sociedade dixital e para os cales farán falta outras estratexias non baseadas unicamente na oferta de servizos para reenxanchalos á SI.

O gráfico 2 mostra para cada unha das comunidades autónomas en España a estimación de cidadáns que se sitúan nas diferentes categorías. Os datos son consistentes co gráfico 1 e co diagnóstico de Accenture, no sentido de que os «escasos» internautas (en negro e vermello en comparación cos non internautas en gris) fan un uso «entusiasta» da administración electrónica (en vermello, en relación co negro). O gráfico 2 tamén suxire que o nivel de uso de SPE en España non se debe tanto ao feito de que os servizos non son atractivos para os internautas, senón a que poucos cidadáns se conectan a internet (e, polo tanto, non poden usar estes servizos).



**Gráfico 2:** Porcentaxe de usuarios de internet (en negro) e percentaxe de usuarios de SPE (en gris escura). España, 2005, por comunidades autónomas. Inclúense tamén os intervalos de confianza ao 95%. As columnas en gris representan a porcentaxe de cidadáns non usuarios de internet (-I); en negro, os cidadáns usuarios de internet e non usuarios de SPE (+I, -SPE); en gris escuro, os cidadáns usuarios de internet e de SPE (+I, +SPE).

